



MANIFESTO DOS DEREITOS NATURAIS DOS NENOS E AS NENAS

1

O dereito ao lecer, a vivir momentos de tempo non programados polos adultos

2

O dereito a enzoufarse, a xogar coa area, no chan, coa herba e as follas, coa auga, as pedras e as pólas

3

O dereito a ulir, a percibir o pracer de cheiralo todo, a recoñecer os recendos que nos ofrece a natureza

4

O dereito ao diálogo, a escoitar e poder tomar a palabra, a intervir e dialogar.

5

O dereito ao uso das mans, a chantar cravos, a serrar madeira, a cavar, a pegar e modelar barro, a facer nós e acender unha fogueira.

O dereito a un bo comezo, a comer san e axeitadamente desde o nacemento, a beber auga de calidade e respirar aire puro

O dereito á rúa, a xogar na praza libremente, a camiñar polos carreiros

O dereito a ser campestres, a construír un refuxio no bosque, a ter goridas e árbores polos que gabear

O dereito ao silencio, a escoitar o sopro do vento, o canto dos paxaros, o burbullar da auga.

O dereito ás tonalidades da vida, a contemplar o amencer e o solpor, a admirar pola noite a lúa e as estrelas

6

7

8

9

10